



### **Algo moi grave vai pasar nesta vila**

Imaxínese vostede unha vila moi pequena onde hai unha señora vella que ten dous fillos, un de 17 e unha filla de 14. Está a lles servir o almorzo e ten unha expresión de preocupación. Os fillos preguntanlle que lle pasa e ela respóndelles:

-Non sei, pero erguinme co presentimento de que algo moi grave vai pasarlle a esta vila.

Eles rin da nai. Din que eses son presentimentos de vella, cousas que pasan. O fillo vaise a xogar ao billar, e no momento en que vai tirar unha carambola doadísima, o outro xogador dille:

-Apóstoche un peso a que non a fas.

Todos rin. El ri. Tira a carambola e non a fai. Paga o seu peso e todos lle preguntan que pasou, se era unha carambola sinxela. Contesta:

-É certo, pero quedoume a preocupación dunha cousa que me dixó miña nai esta mañá sobre algo grave que lle vai suceder a esta vila.

Todos rin del, e o que gañou o seu peso volve á súa casa, onde está coa súa nai ou unha neta ou en fin, calquera parente. Feliz co seu peso, di:

-Gañeille este peso a Dámaso da forma máis sinxela porque é un parvo.

-E por que é un parvo?

-Home, porque non puido facer unha carambola doadísima molesto co pensamento de que a súa nai se ergueu hoxe coa idea de que algo moi grave vai pasar nesta vila.

Entón dille a súa nai:

-Non te burles dos presentimentos dos vellos porque ás veces saen.

A parente óeo e vai comprar carne. Ela dille ao carnicero:

-Véndame unha libra de carne -e no momento en que lla están cortando, engade-: Mellor véndame dúas, porque andan dicindo que algo grave vai pasar e o mellor é estar preparado.

O carnicero despacha a súa carne e cando chega outra señora a comprar unha libra de carne, dille:

-Leve dúas porque ata aquí chega a xente dicindo que algo moi grave vai pasar, e estanse preparando e comprando cousas.

Entón a vella responde:

-Teño varios fillos, mire, mellor déame catro libras.

Leva as catro libras; e para non facer longo o conto, direi que o carnicero en media hora esgota a carne, mata outra vaca, véndese toda e vaise espallando o rumor. Chega o momento en que todo o mundo, no pobo, está a esperar que pase algo. Paralízanse as actividades e de súpeto, ás dúas da tarde, vai calor coma sempre. Alguén di:

-Deuse conta da calor que está a facer?

-Pero se nesta vila sempre fixo calor!

(Tanta calor que é vila onde os músicos tiñan instrumentos remendados con brea e tocaban sempre á sombra porque se tocaban ao sol caíanlles a cachos.)



-Con todo -di un-, a esta hora nunca fixo tanta calor.  
-Pero ás dúas da tarde é cando vai máis calor.  
-Si, pero non tanta calor como agora.  
Á vila deserta, á praza deserta, baixa de súpeto un paxariño e córrese a voz:  
-Hai un paxariño na praza.  
E vén todo o mundo, espantado, a ver o paxariño.  
-Pero señores, sempre houbo paxariños que baixan.  
-Si, pero nunca a esta hora.  
Chega un momento de tal tensión para os habitantes da vila, que todos están desesperados por irse e non teñen o valor de facelo.  
-Eu si son moi macho -berra un-. Eu voume.  
Agarra os seus mobles, os seus fillos, os seus animais, méteos nunha carreta e atravesa a rúa central onde está o pobre pobo véndoo. Ata o momento en que din:  
-Se este se atreve, nós tamén marchamos.  
E empezan a desmantelar literalmente a vila. Levan as cousas, os animais, todo.  
E un dos últimos que abandona a vila, di:  
-Que non veña a desgraza a caer sobre o que queda da nosa casa -e entón incéndiaa e outros incendian tamén as súas casas.  
Foxen nun tremendo e verdadeiro pánico, como nun éxodo de guerra, e no medio deles vai a señora que tivo o presaxio, clamando:  
-Eu dixen que algo moi grave ía pasar, e dixéronme que estaba tola.

Gabriel García Márquez



## **Algo muy grave va a suceder en este pueblo**

Imagínese usted un pueblo muy pequeño donde hay una señora vieja que tiene dos hijos, uno de 17 y una hija de 14. Está sirviéndoles el desayuno y tiene una expresión de preocupación. Los hijos le preguntan qué le pasa y ella les responde:

-No sé, pero he amanecido con el presentimiento de que algo muy grave va a sucederle a este pueblo.

Ellos se ríen de la madre. Dicen que esos son presentimientos de vieja, cosas que pasan. El hijo se va a jugar al billar, y en el momento en que va a tirar una carambola sencillísima, el otro jugador le dice:

-Te apuesto un peso a que no la haces.

Todos se ríen. Él se ríe. Tira la carambola y no la hace. Paga su peso y todos le preguntan qué pasó, si era una carambola sencilla. Contesta:

-Es cierto, pero me ha quedado la preocupación de una cosa que me dijo mi madre esta mañana sobre algo grave que va a suceder a este pueblo.

Todos se ríen de él, y el que se ha ganado su peso regresa a su casa, donde está con su mamá o una nieta o en fin, cualquier pariente. Feliz con su peso, dice:

-Le gané este peso a Dámaso en la forma más sencilla porque es un tonto.

-¿Y por qué es un tonto?

-Hombre, porque no pudo hacer una carambola sencillísima estorbado con la idea de que su mamá amaneció hoy con la idea de que algo muy grave va a suceder en este pueblo.

Entonces le dice su madre:

-No te burles de los presentimientos de los viejos porque a veces salen.

La pariente lo oye y va a comprar carne. Ella le dice al carnicero:

-Véndame una libra de carne -y en el momento que se la están cortando, agrega-: Mejor véndame dos, porque andan diciendo que algo grave va a pasar y lo mejor es estar preparado.

El carnicero despacha su carne y cuando llega otra señora a comprar una libra de carne, le dice:

-Lleve dos porque hasta aquí llega la gente diciendo que algo muy grave va a pasar, y se están preparando y comprando cosas.

Entonces la vieja responde:

-Tengo varios hijos, mire, mejor déme cuatro libras.

Se lleva las cuatro libras; y para no hacer largo el cuento, diré que el carnicero en media hora agota la carne, mata otra vaca, se vende toda y se va esparciendo el rumor. Llega el momento en que todo el mundo, en el pueblo, está esperando que pase algo. Se paralizan las actividades y de pronto, a las dos de la tarde, hace calor como siempre. Alguien dice:

-¿Se ha dado cuenta del calor que está haciendo?



-¡Pero si en este pueblo siempre ha hecho calor!  
(Tanto calor que es pueblo donde los músicos tenían instrumentos remendados con brea y tocaban siempre a la sombra porque si tocaban al sol se les caían a pedazos.)

-Sin embargo -dice uno-, a esta hora nunca ha hecho tanto calor.

-Pero a las dos de la tarde es cuando hay más calor.

-Sí, pero no tanto calor como ahora.

Al pueblo desierto, a la plaza desierta, baja de pronto un pajarito y se corre la voz:

-Hay un pajarito en la plaza.

Y viene todo el mundo, espantado, a ver el pajarito.

-Pero señores, siempre ha habido pajaritos que bajan.

-Sí, pero nunca a esta hora.

Llega un momento de tal tensión para los habitantes del pueblo, que todos están desesperados por irse y no tienen el valor de hacerlo.

-Yo sí soy muy macho -grita uno-. Yo me voy.

Agarra sus muebles, sus hijos, sus animales, los mete en una carreta y atraviesa la calle central donde está el pobre pueblo viéndolo. Hasta el momento en que dicen:

-Si éste se atreve, pues nosotros también nos vamos.

Y empiezan a dismantelar literalmente el pueblo. Se llevan las cosas, los animales, todo.

Y uno de los últimos que abandona el pueblo, dice:

-Que no venga la desgracia a caer sobre lo que queda de nuestra casa -y entonces la incendia y otros incendian también sus casas.

Huyen en un tremendo y verdadero pánico, como en un éxodo de guerra, y en medio de ellos va la señora que tuvo el presagio, clamando:

-Yo dije que algo muy grave iba a pasar, y me dijeron que estaba loca.

Gabriel García Márquez

<http://www.ciudadseva.com/textos/cuentos/esp/ggm/algomuy.htm>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela